





Concello  
de Mañón

# Estaca de Bares



Concello  
de Mañón



Deputación  
DA CORUÑA



# ESTACA DE BARES

## DESCRICIÓN

A Punta de Estaca de Bares está considerada como o punto máis setentrional da Península Ibérica, sendo a prolongación da Serra da Faladoira rendida aquí ao mar. A paisaxe aparece modelada pola acción do mar e do vento que erosionaron a montaña ata debuxar cantís de gran altura.

Cantís, illotes, coídos e pequenos esteiros conforman ecosistemas de gran interese xeolóxico e biolóxico no que conviven a vida mariña, a avifauna, as matogueiras costeiras e as dunas. É precisamente esta diversidade de formas da costa a que a fai difícil e perigosa para a navegación, de aí que se puxera en funcionamento en 1850 o Faro de

Estaca de Bares, emprazado nunha planicie denominada Venturero sendo así o vixía a fronteira imaxinaria onde se mesturan as augas do Atlántico e do Cantábrico.

Este espazo natural forma parte de Rede Natura 2000 como o ZEC Estaca de Bares.

Outras designacións:

- ZEPA Espazo mariño de Punta de Candelaria, Ría de Ortigueira e Estaca de Bares (2014).
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (2004).
- Sitio de Interese Nacional (1933).




## PATRIMONIO ETNOGRÁFICO: OS MUÍÑOS DE BARES

Neste espazo natural atoparemos este conxunto hidráulico, exemplo magnífico da habilidade e mestría dos nosos "enxeñeiros populares" e do seu bo facer a hora de atopar solucións nas circunstancias máis complexas.

Trátase dun conxunto de 5 muíños que se alimentaban dunha mesma levada de auga, así aproveitaban ao máximo os dous recursos naturais do lugar: unha canle de auga e un terreo de forte desnivel.

Os muíños dispóñense en ferverza, de xeito que o caudal que sae dun entra na canle do seguinte e así sucesivamente ata que, ao final da cadea, o rego desemboca no mar.

Ao igual que na actualidade, houbo tamén muíños de vento que aproveitaban a forza eólica para transformar o gran en faríña.







## FLORA

A vexetación mellor representada é a de acantilados e landas costeiras, como a herba de namorai, especie endémica, e o perexil mariño. Xusto por enriba destes hábitats a matogueira uceira-toxeira, de baixo porte e aspecto almofadado, constitúe a asociación máis característica do espazo natural.

A vexetación propia de praias e dunas tamén se atopa en numerosos enclaves como os areais de Bares e de Esteiro.



## FAUNA

Estaca de Bares é un enclave de enorme valor ornitolóxico e unha atalaia privilexiada para observar as migracións de aves mariñas. Entre os meses de agosto e novembro, cheganse a contabilizar nalgúns anos máis de 100.000 exemplares: mascatos, araos, corvos mariños e anátidas son as especies mellor representadas.

O interese ornitolóxico complétase coa existencia de pequenas colonias de aves mariñas, como a gaivota patiamarela e o corvo mariño cristado, nidificando tamén nesta zona outras aves como o falcón peregrino.

Dada a importancia como lugar de paso de aves migratorias existe unha estación ornitolóxica que se atopa xestionada pola Consellería de Medio Ambiente.

